



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (48/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e cincuenta e un minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas e trinta minutos.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 23 de decembro de 2025
- 2.- Aprobación da relación de facturas núm. 072XOK/2025
- 3.- Aprobación da relación de facturas núm. 073XRRSE/2025
- 4.- Aprobación liquidación obradoiro de emprego "Actividades de conservación Forestal" (Orde 21-4-2023)
- 5.- Aprobación liquidación gastos xestión rodillo vibrante e remolque Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo
- 6.- Aprobación liquidación gastos camiión Iveco Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo
- 7.- Expediente de contratación da obra incluída no POS+ 2025, anualidade 2024, nomeada "Modificado Proxecto de mellora da pavimentación nas parroquias de Queixeiro, Vilachá, Val Xestoso, Alto Xestoso e San Félix" (Tedec 2025/C003/000005). Adxudicación
- 8.- Non división en lotes dos investimentos incluídos na 2ª fase do plan POS+ Adicional 4/2025
- 9.- Adxudicación contratos menores

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións informa de que se detectou un erro na devandita acta, que explica, e preguntalles aos asistentes se teñen que facerlle algunha outra alegación ao borrador da dita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. Non formulan ningunha outra alegación. A Xunta de



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Goberno Local toma razón e, unánimemente, acorda aprobar a acta da sesión do 23 de decembro de 2025 coa única modificación seguinte: na táboa da súa segunda páxina, punto segundo da orde do día, onde di: “25.572,01€”, debe dicir: “27.572,01€”. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 072XOK/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 72XOK/2025 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	72XOK/2025
Importe total	9.744,67€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro Facturas da factura	F/2025/2692

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

3.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 073XRRSE/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 73XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal deles derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO- Informa que con data 26/12/2025 mediante resolución da Alcaldía nº 442/2025 queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	073XRRSE/2025
Importe total	6.664,50€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/2690
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/2698

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

4.- APROBACIÓN LIQUIDACIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO “ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN FORESTAL” (ORDE 21-4-2023)

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a liquidación destes gastos recibida do Concello de Irixoa, sobre o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de examinar a notificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Irixoa de data 26/09/2025, recibida neste Concello en data 06/10/2025, con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 202500000000809, pola que se aproba a liquidación económica do financiamento do Obradoiro de Emprego “ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN FORESTAL”, realizado baixo a orde do 21/04/2023 pola que se establecen as bases reguladoras da axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023, no que participaron os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, co compromiso de todos eles de contribuír, nos gastos non subvencionados, na que consta a súa distribución entre os catro concellos participantes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos non subvencionados do Obradoiro dual de Emprego “ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN FORESTAL”, no que participaron os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, e a achega do Concello de Monfero, por importe de 6.592,29€, con cargo á aplicación orzamentaria 2025.0.241.00.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Irixoa.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5.- APROBACIÓN LIQUIDACIÓN GASTOS XESTIÓN RODILLO VIBRANTE E REMOLQUE COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a liquidación destes gastos recibida do Concello de Vilarmaior, sobre o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a notificación da resolución da Alcaldía do Concello de Vilarmaior núm. 347/2025, de data 12/12/2025, recibida con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 202590000000430, o 12/12/2025, pola que se aproba a liquidación económica dos gastos de xestión do rodillo vibrante e remolque, da Comunidade Intermunicipal de Servizos Públicos Consorciados Lambre-Mandeo que son repartidos, en idéntica proporción, ao 25%, entre os catro concellos integrados na comunidade.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos de xestión do rodillo vibrante e remolque, da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo, no que participan os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, e á achega do Concello de Monfero, por importe de 352,22€, con cargo á aplicación orzamentaria 2025.0.1531.00.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Vilarmaior.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- APROBACIÓN LIQUIDACIÓN GASTOS CAMIÓN IVECO COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a liquidación destes gastos recibida do Concello de Aranga, sobre o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de examinar a notificación da resolución da Alcaldía do Concello de Aranga núm. 424/2025, de data 18/12/2025, recibida con Rexistro de Entrada neste Concello núm. 202590000000447, o 18/12/2025, pola que se aproba a liquidación económica dos gastos de xestión do camión Iveco, da Comunidade Intermunicipal de Servizos Públicos Consorciados Lambre-Mandeo, que son repartidos, en idéntica proporción, ao 25%, entre os catro concellos integrados na comunidade.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación á devandita liquidación dos gastos do camión Iveco, da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo no que participan os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, e á achega do Concello de Monfero, por importe de 2.590,22€, con cargo á aplicación orzamentaria 2025.0.1722.46200, e que se proceda a súa transferencia ao Concello de Aranga.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

7.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO POS+ 2025, ANUALIDADE 2024, NOMEADA “MODIFICADO PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, VAL XESTOSO, ALTO XESTOSO E SAN FÉLIX” (TEDEC 2025/C003/000005). ADXUDICACIÓN

O Sr. Alcalde en funcións informa sobre as empresas presentadas á licitación, que foron doce, con indicación das que incorreron en baixa desproporcionada ou anormal, das que se considerou que a xustificaron, das que non se considerou xustificada a oferta incursa en presunción de oferta anormalmente baixa ou desproporcionada, e sobre a que se propón para a adxudicación, de conformidade co acordado pola mesa de contratación, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., que é a segunda, que ofreceu a súa execución polo prezo de 348.109,74€, que supón unha baixa de 34.934,15€ con respecto ao orzamento do proxecto, 383.043,89€.

A proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante, transcríbese literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente de contratación 2025/C003/000005, da obra contida no proxecto nomeado Modificado Proxecto de mellora da pavimentación nas parroquias de Queixeiro, Vilachá, Val Xestoso, Alto Xestoso e San Félix, cun **orzamento** total de **383.043,89€**, financiada pola Deputación Provincial a través do Plan POS+ 2025, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido nas cláusulas 16.1.1 e 16.1.2 do Prego, xa lle deu cumprimento, constituíu as garantías, complementaria e definitiva e presentou as acreditacións necesarias segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, e o informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da Intervención municipal de conformidade.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente da Xunta de goberno local do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.
- 2.- Adxudicarlle o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado, MODIFICADO PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, VAL XESTOSO, ALTO XESTOSO E SAN FÉLIX á empresa, **CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.**, no prezo **total de 348.109,74€**, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.
- 3.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 2025.453.2531.61100
- 4.- Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, que exercerá as facultades de responsable do contrato de conformidade co art. 62.2 da LCSP.
- 5.- Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.
- 6.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).
- 7.- Requiritr á empresa adxudicataria para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

8.- Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

9.- Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.

10.- As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, que contratou o concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP (3C CALIDAD Y CONTROL, Sociedad coop. Galega)

Anexo

ORDEN	EMPRESA LICITADORA	IMPORTE	PUNTUACIÓN
1	CNES. LEONARDO MIGUELEZ,SL	287694,00	42,56
2	EXCV. SANTIÑOS, SL	292189,00	35,93
3	EXCV Y OBRAS MELCHOR,SL	294658,89	32,29
4	OBRAS Y VIALES NOROESTE,SL	295227,40	31,45
5	OPERADOR LOGISTICO DE GALICIA SL	296336,68	29,82
6	TRASSNOR GALAICA, S.L	297634,60	27,91
7	CNES. PONCIANO NIETO,SL	297919,50	27,49
8	CANARGA, SL	298297,52	26,93
9	CNES. J. MAURI E HIJOS, SL	299818,90	24,69
OVISA PAV. Y OBRAS, SLU		Excluídas porque non xustificaron adecuadamente a súa oferta con valores anormalmente baixos ou	
EXC. Y OBRAS CANDAL,SL			



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ORDEN	EMPRESA LICITADORA	IMPORTE	PUNTUACIÓN
	LANCER PROYECTOS Y OBRAS SL	desproporcionados	

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

8.- NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NA 2ª FASE DO PLAN POS+ ADICIONAL 4/2025

O Sr. Secretario-interventor dá conta do proxecto técnico e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica máis adiante neste acordo e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a documentación do expediente TEDeC núm. 2025/A008/000013, de solicitude do Plan POS+ AD4b/2025, as Bases reguladoras, proxecto e restante documentación, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 4b/2025, cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO (Ive incluído)
ACONDICIONAMIENTO DE LA CAPA DE RODADURA EN LAS PARROQUIAS DE TABOADA Y SAN FIZ.	246.223,57

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE número 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico.

O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

9.- ADXUDICACIÓN CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, da oferta recibida, do informe da Secretaría-Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica na dita proposta:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
<i>Núm. Expediente</i>	2025/C002/000042
<i>Órgano de contratación:</i>	Xunta de goberno local
<i>Tipo:</i>	Obras
<i>Obxecto:</i>	Mellora da iluminación pública
<i>Código CPV:</i>	45316100-Instalación de equipo de alumeado exterior
<i>Orzamento:</i>	6.957,50
<i>Prazo execución:</i>	2 meses
<i>Aplicación orzamentaria</i>	2025.165.62900
<i>Necesidade a satisfacer: (art. 118.1 da Lei 9/2017)</i>	O Concello ten a necesidade de contratar estas obras para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
<i>Fins institucionais que pretenden satisfacerse</i>	Xestión e prestación de servizos (art. 25.1 da Lei 7/1985)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

(competencia municipal):		
Financiamento:	Municipal (fondos propios)	
OFERTA		
<i>Sindo Calvo Electricidad, S.L.</i>	5.750,00	Total: 6.957,50

Logo de ver a oferta recibida, o informe de Secretaría-Intervención e o resto de documentos incorporados ao expediente electrónico, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de instalación de puntos de luz para mellorar o alumbeado público e que o ofertante é o único contratista que os realizará no prazo estipulado, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Aprobar a o informe de necesidade que recolle as actuacións a realizar que consta asinado dixitalmente neste expediente electrónico
4. Adxudicar as obras ao contratista sinalado na táboa anterior, segundo a oferta presentada, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte e, á vista do seu prazo de execución, sometelo á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio de 2026.
- 5..Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
6. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións engade que se trata de instalar 13 puntos de luz, 2 postes galvanizados con luz solar, nos lugares indicados no informe e que conta coa disposición dos bens necesarios para a súa execución.

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario